

Resolución do 20 de abril, do tribunal designado pola Resolución do 11 de abril de 2022 (DOG núm. 73 do 18 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2022 (DOG núm. 53 do 17 de marzo), pola que se da publicidade a diversos acordos

En sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2022 o Tribunal designado pola Resolución do 11 de abril de 2022 (DOG núm. 73 do 18 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2022 (DOG núm. 53 do 17 de marzo), de conformidade coas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 20 de abril de 2022.

Segundo. O primeiro exercicio do proceso selectivo levarase a cabo o día 2 de maio de 2022, no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, situado na Rúa Padre Fernández Olmedo, número 1, 36002 Pontevedra.

Os horarios correspondentes a cada persoa aspirante figuran como Anexo a esta resolución. O chamamento será único para cada persoa aspirante, que deberá presentarse no horario indicado na convocatoria á proba que figura como Anexo a esta resolución.

As persoas convocadas deberán ir provistas de:

1. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
2. 4 imperdibles para suxeitar o dorsal, que lle será facilitado no momento do chamamento.
3. Informe médico que acredite que a persoa aspirante reúne as condición físicas e sanitarias para a realización das probas físicas descritas na convocatoria

Terceiro. As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Cuarto. Os exercicios físicos realizaranse pola orde relacionada nas bases e cada un deles é eliminatorio para realizar o seguinte. Na proba de resistencia xeral as persoas aspirantes dispoñen dunha soa posibilidade de execución. Na proba de potencia tren inferior (salto vertical) permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto. As repeticións terán asegurándose que medien en todo caso entre o primeiro e o segundo intento un descanso mínimo de 5 minutos.

Quinto. A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

Tal e como establecen as bases da convocatoria no punto 5.8, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro

En A Estrada, 20 de abril de 2022

A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

